

**VII CONGRESO INTERNACIONAL DE GALICIA E NORTE DE PORTUGAL DE
FORMACIÓN PARA O TRABALLO: “ A formación profesional no horizonte da
interculturalidade e da integración sociolaboral”.**

Santiago de Compostela, 24, 25 novembro 2005

COMUNICACIÓN

**Itinerario formativo para a cualificación de profesionais de xénero, na
perspectiva de mellorar as opcións actuais.**

Autoras:

Margarita Camba Fontevetra, Raquel González Ferrón, Margarita Valcarce
Fernández

FUNDACIÓN COMARCAL VALDEORRAS

1 - RESUMEN

A igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é unha das preocupacións máis importantes das políticas europeas no momento actual. En maior ou menor medida, en tódolos estados membros, existe a necesidade de profesionais de xénero, capaces de intervir nos distintos contextos nos que se detecta a existencia de factores de discriminación.

No ámbito do estado español xurdiron distintas ofertas formativas en resposta a dita necesidade, dende institucións públicas e privadas de diferente rango coa intención de concretar un itinerario formativo capaz de xerar unha cualificación e certificación recoñecidas no mundo profesional, para a inserción laboral de novas figuras profesionais. Producto de esta situación é a existencia de diversos programas formativos que veñen dando lugar a distintas cualificacións e certificacións.

Partindo da análise desta realidade, coa intención de aunar propostas e integrar perspectivas a Fundación Comarcal Valdeorras elaborou ao amparo do Programa Europeo Leonardo Da Vinci, tendo como socios Adesper (León), Umbría Training Centre - UTC (ITALIA), Business and Development Center - BD CENTER (POLONIA), UGAL UPA (León), A.P.P.C.-N.R.C (PORTUGAL), e contando coa colaboración do Ministerio de Educación e Ciencia, un proxecto sobre formación de Expertos/as de Xénero. Dentro do mesmo estase a desenvolver unha opción en dous niveis para contribuir ós procesos de mellora dos sistemas formativos de formación profesional, no horizonte de concretar a identificación das figuras profesionais recollidas no Catálogo Nacional de Ocupacións (CNO), coas denominacións de: AXENTE DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES e PROMOTOR ou PROMOTORA DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.

Na presente comunicación, preténdese mostrar dita proposta formativa, concebida a partir dos seguintes principios:

- Aunar antecedentes e consecuentes.
- Dar contido ás profesións recollidas no CNO
- Partir da acción á intervención.
- Partir da práctica á teoría.
- Acotar coñecementos útiles e aplicables.
- Relacionar coñecementos coas funcións e responsabilidades de cada perfil profesional.
- Pensar en termos de logros
- Potenciar a investigación-acción

“Pensamos nun/nunha profesional capaz de comprender a realidade, comprometerse cos cambios, desenvolver a iniciativa positiva, investigar na acción e tomar decisións técnicas: por obxectivos, seguindo un método, utilizando recursos materiais, persoais e do medio, considerando principios e fundamentos e avaliando resultados para xenerar novos valores na sociedade”. (VALCARCE, Margarita, 2005).

2 - INTRODUCCIÓN

Nos Estados Unidos e en algúns países europeos, foron aparecendo especialistas en Igualdade que traballan en accións positivas nos distintos ámbitos: emprego, educación, participación cidadana e outros. Unha “acción positiva” é un intento de previr ou corrixir algunha das situacións que producen desigualdades reais entre homes e mulleres e que son consecuencia da discriminación por razón de xénero (Bianca, 1987). Recibiron nomes diversos: **“Conseiller(e)s d’égalité”**, **“agents d’égalité”** e **“responsables en égalité”**, en Francia; **“Gleichstellungsberate(r)”** e **“Gleichstellungsbeauftragte(r)”** (asesores en Igualdade de oportunidades), na República Federal Alemana; **“Equal Opportunity Officers”** e **“Equal Opportunity Advisers”**, no Reino Unido; e **“Emancipatiewerker”** nos Países Baixos. Estas profesións surxiron da preocupación crecente por garantir a igualdade entre homes e mulleres, que levara a moitos países a crear servizos de asesoramento específicos para mulleres. A misión de estas profesións é previr as discriminacións por razón de xénero e promover as condicións para a efectiva igualdade de oportunidades.

En España en 1990, os profesionais que traballaban na Igualdade de oportunidades recibían nomes diversos, como animadoras socioculturais, educadoras da comunidade, formadoras de adultos, e outros (normalmente se trataba de mulleres). O estatus das persoas que desenvolvían accións positivas nos Servizos Sociais dos concellos e axencias estatais era máis ben precario e globalmente se lles consideraba como “traballadores/as sociais” ou “educadores/as das persoas adultas”.

Como noutros países da Unión, en España as accións positivas contan cun respaldo legal na Constitución de 1978 (artigos 9.2. e 14) e na normativa xurídica. En aquel momento non existía unha denominación específica, pese a que se trataba dun colectivo en rápido crecemento (unhas 600 persoas) cun perfil particular orientado a combatir as discriminacións sociais, laborais, educativas. Por outra banda, a relevancia do seu traballo, que consistía en ocuparse dos Plans de Igualdade nas Administracións públicas, aconsellaba a homologación das vías de acceso e de especialización a través da Formación Profesional e Ocupacional. Nun principio, partíase da base de que as especialistas en Igualdade eran persoas que traballaban no campo dos “Servizos a Comunidade” e no “Ensino de Adultos”; tratábase dun colectivo de profesionais asimilable aos traballadores/as dos servizos sociais e educativos, pero non existía un recoñecemento concreto do campo (máis amplo) das “accións positivas” en favor das

mulleres. Actualmente a situación é moi diferente. Una serie de investigacións realizadas no marco da Iniciativa NOW (*New Opportunities for Women*, Iniciativa Comunitaria que ten por obxecto desenvolver a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, especialmente no mundo do traballo) permitiron o recoñecemento dos perfís profesionais. En conxunto, estas investigacións tomaron como punto de partida o análise sistemático das ocupacións de especialistas na Igualdade e na investigación das necesidades formativas (FERNÁNDEZ, Julio y ARAMBURU-ZABALA, Luís, 2001). O resultado foi a inclusión na Clasificación Nacional de Ocupacións española dos perfís profesionais de Axente e Promotor/a de Igualdade de Oportunidades para as Mulleres.

Existen, pois, dous perfís diferenciados. Un deles ten que ver con funcións de planificación, asesoramento a responsables técnicos e políticos, e avaliación dos programas. Este conxunto funcional correspóndese coas persoas de formación universitaria e varios anos de experiencia no traballo con mulleres, e reciben o nome de Axente de Igualdade de Oportunidades. O segundo perfil profesional apunta as funcións de atención directa a usuarias dos servizos dirixidos a mulleres, así como animación das campañas de difusión, escolas de adultas, etc. Este perfil corresponde a *grosso modo* a profesionais con formación non universitaria, e recibiu a denominación de Promotor/a de Igualdade de Oportunidades. Promotor/a de Igualdade de Oportunidades é a/o profesional que, colaborando con a/o Axente de Igualdade de Oportunidades, ou coa persoa responsable do departamento da muller, anima e coordina diferentes accións positivas, en contacto directo con mulleres, asociacións de mulleres e outras organizacións implicadas na problemática da igualdade (JATO, Elisa y VALCARCE, Margarita, 2003).

Pese a que se logrou por fin o recoñecemento de estas dúas figuras profesionais, no *Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional* e a vista do *Catálogo de Títulos de Formación Profesional* que se dispoñen na *Ley Orgánica 5/2002, de 19 de Junio de las Cualificaciones e de la Formación Profesional (BOE 20/06/02)* non se recolle o Título de Axente de Igualdad de Oportunidades, nin tampouco o de Promotor/a, de aí que sexa necesario cubrir esa laguna. A introducción desta figura profesional suporá un cambio en dito sistema. Se cooperará con institucións educativas de cada país para a impartición de ésta formación específica e para que unha vez implantada se proceda a inclusión do título no Catálogo de Títulos referido, e a súa homologación posterior. Así, nas *Estratexias Europeas no Campo da Formación Profesional*, alúdese á "falta de expertos en asuntos de xénero, concedéndose unha especial importancia ao desenvolvemento das políticas de educación e formación; na *Estratexia Europea para o*

Emprego estableceuse como obxectivo a creación de máis e mellores empregos para Europa, fixando como prioridade que os parados adquiran un nivel de cualificacións que corrixa a escaseza detectada.

A todo isto intenta dar resposta a proposta formativa do proxecto europeo Leonardo que se desenvolve dende a Fundación Comarcal Valdeorras cos socios antes citados. En canto a isto, o proxecto pretende establecer bases para desenvolver un método de formación profesional que capacite para o exercicio da profesión de axente de igualdade e de promotor/a de igualdade, reforzando aptitudes e competencias no ámbito da igualdade de oportunidades dos/as desempregados/as e traballadores que desexen mellorar a súa empregabilidade, de forma que revirta na sociedade (especialmente no medio rural) a través da súa posterior intervención, na mellora da igualdade de oportunidades e na calidade de vida en xeral, e aportando así elementos para un maior recoñecemento social destas profesións neste campo emerxente.

3 - DESENVOLVEMENTO

Explicamos a continuación a natureza da proposta formativa, que trata de abordar distintos saberes:

Saber - Competencias de coñecemento

Saber facer - Competencias de habilidades e destrezas

Saber ser - Competencias persoais e sociais.

A proposta formativa concretase no seguinte curso piloto que conta cun total de 300 horas repartidas en dous niveis de cualificación profesional.

		Mód	Denominación	Duración
NIVEL 2 - AXENTE I.O.	NIVEL 1 (155h) PROMOTOR/A		Introducción	5
		1	A igualdade de oportunidades: Hª e conceptos.	20
		2	Plans de IO para as mulleres	15
		3	Técnicas de Información	25
		4	Técnicas de sensibilización	10
		5	Recursos para a IO	10
		-	Proxecto Prácticas	40
			Novas Tecnoloxías da información e comunicación	30
		6	Deseño e planificación da IO	25
		7	Metodoloxías de desenvolvemento da IO	20
		8	Deseño e elaboración de Recursos para a IO	20
		9	Avaliación de Plans para a IO	10
		-	Proxecto Prácticas	40
			Novas Tecnoloxías da información e comunicación	30
				300

O primeiro dos niveis é o de promotor/promotora. Para acceder a este nivel o alumno debe ser maior de idade e ademais contar con estudos de Bacharelato / F. P. de Grao Medio / equivalente. A impartición sería de 155 horas, deste total, corenta son de carácter práctico, trinta de tecnoloxía da información e as oitenta e cinco restantes de carácter didáctico. Nestas últimas presentaríanse os seguintes módulos a impartir:

- Introducción (5 horas): As profesións de xénero, perfís e competencias.
- MÓDULO 1. A igualdade de oportunidades: historia e conceptos (20 horas):

1. A loita feminina: periodos e reivindicacións.
2. Xénero masculino e feminino, e aspectos psicosociais: estereotipos.
3. Xénero e multiculturalismo.
4. Xénero, ciencia e tecnoloxía.
5. Xénero e igualdade de oportunidades: novos valores nas relacións interpersoais para a igualdade de oportunidades.

- MÓDULO 2. Plans para a igualdade de oportunidades (15 horas):

- 1.Ordeamento xurídico e a situación da muller. Aspectos civís, aspectos penais, aspectos laborais.
- 2.Políticas e plans de igualdade de oportunidades.
- 3.A transversalidade da igualdade de oportunidades. Un exemplo a nivel local.

- MÓDULO 3. Técnicas de información (25 horas):

- 1.Situación actual de mulleres e homes na sociedade. Identificación de factores de desigualdade: recollida de información.
- 2.Xénero e linguaxe.
- 3.Técnicas orais: habilidades de comunicación.
- 4.Técnicas escritas.
- 5.Técnicas audiovisuais.

- MÓDULO 4. Técnicas de sensibilización (10 horas):

- 1.Motivación e persuasión. Accións positivas. Participación do colectivo feminino.
- 2.A sensibilización na presentación da información: recursos e acceso á información. Técnicas de sensibilización.

- MÓDULO 5. Recursos para a IO (10 horas):

1. Mainstreaming e políticas de IO. Accións positivas; conceptos e experiencias innovadoras.

Para o acceso o segundo nivel ,axente, o alumno debe ter superado con valoración positiva o primeiro , promotor, e ademais debe cumprir os seguintes requisitos ser Tituladas e/ou titulados universitarios de grado medio e/ou superior, preferentemente en Ciencias da Educación e Ciencias Sociais.

A duración total en este nivel é de 145 horas que se distribuirán do seguinte xeito; 30 horas de tecnoloxía da información, corenta horas prácticas e as sesenta e cinco restantes de carácter teórico. Os módulos que se impartirán son:

- MÓDULO 6. Deseño e planificación da igualdade de oportunidades (25 horas):

1.Desenvolvemento de proxectos sociais que promovan a IO: análise da situación. Detección de necesidades. Elaboración dun proceso de investigación social para detectar necesidades, técnicas de planificación, elaboración de proxectos, xestión de proxectos.

- MÓDULO 7. Metodoloxía e estratexias para a IO (20 horas):

1. Habilidades sociais, técnicas de comunicación e negociación, dinámicas de grupo etc.
2. Educación: educación e coeducación na escola. Educación na familia, educación de adultos.
3. A promoción da igualdade de oportunidades. Ferramentas para paliar a discriminación por cuestión de xénero no ámbito da formación e do acceso o emprego e o autoemprego, orientación laboral e creación de empresas.
4. Exclusión. A IO ante a discapacidade física ou psíquica. O traballo dos/das profesionais de xénero neste campo.
5. Participación: dificultades, motivación, asociacionismo.

- MÓDULO 8. Deseño e elaboración de recursos para a IO (20 horas):

1. Deseño e elaboración de recursos para as técnicas orais.
2. Deseño e elaboración de recursos en técnicas escritas.
3. Deseño e elaboración de recursos en técnicas audiovisuais.

- MÓDULO 9. Avaliación de plans para a IO (10 horas):

1. Avaliación e seguemento dos resultados dun proxecto de IO: modelos, tipos de avaliación, técnicas e instrumentos para avaliar.

Vimos falando da presenza dun módulo de tecnoloxía informática. O que pretende é dotar o alumno/a das competencias necesarias para desenvolverse no mercado laboral, e no mundo profesional, empregando axeitadamente todas as ferramentas disponibles, entre elas o mundo da informática.

O seguinte punto a tratar e o módulo de práctica de ámbolos dous niveis e conta cos apartados que enumeramos a continuación:

- Selección de institucións/ entidades.
- Firma de protocolo- compromiso.
- Elección de tutores.
- Elaboración do programa de prácticas.
- Execución do programa en paralelo o curso.
- Elaboración de un proxecto e memoria.

Entidades/institucións: toda-las entidades institucións seleccionadas serán tanto de carácter público como privado, asociacións, etc.. terase en conta en todo momento a diversidade das institucións co fin de que a información sexa máis variada e as prácticas por parte do alumnado máis enriquecedoras.

Para este periodo práctico firmárase un convenio con cada institución/ entidade de xeito que cada alumno conte cun titor tanto no centro de prácticas como na institución formativa.

No protocolo recóllense os seguintes compromisos:

Por parte da institución formadora:

- Seguro de responsabilidade civil.
- Organización e tutorización.

Por parte da institución receptora:

- Acollida e colaboración no desempeño e tutorización.

Ademais dos compromisos asumidos polas partes recollerá a natureza das prácticas, e dicer o tipo de prácticas que o alumno levará a cabo.

Elaboración do programa de prácticas: o inicio do periodo práctico o alumno realizará un proxecto a través da tutorización que guiará o transcurso da práctica.

Execución do programa en paralelo o curso: A cronoloxía que pretendemos levar a cabo consiste en realizar de forma paralela o periodo práctico e o académico, de forma que pola mañá se levarían a cabo as prácticas en institucións para pola tarde a asistencia o curso.

Elaboración do proxecto e memoria: O remate do periodo práctico o alumno/a realizará unha memoria na que recollerá a execución e avaliación do proxecto.

4 - FUENTES BIBLIOGRÁFICAS

JATO SEIJAS, Elisa y VALCARCE FERNÁNDEZ, Margarita (2003). *“A/O Axente de Igualdade de Oportunidades: ámbitos de actuación e competencias profesionais”*. En JATO SEIJAS, Elisa y IGLESIAS DA CUNHA, Lucía (2003): *Xénero e Educación Social*. Ed. Laiovento, Santiago de Compostela.

FERNÁNDEZ, Julio y ARAMBURU - ZABALA, Luis (2001) *“Formación profesional para especialistas en el área de la igualdad de oportunidades para las mujeres”*. En *Revista Europea de la Formación Profesional* nº 23.

Proxecto “GENDER EXPERTS”: A PROFESSIONAL PROFILE FOR EQUALITY OF OPPORTUNITIES”, dentro do Programa Europeo Leonardo Da Vinci, dos socios Fundación Comarcal Valdeorras (Ourense), Adesper (León), Umbría Training Centre - UTC (ITALIA), Business and Development Center - BD CENTER (POLONIA), UGAL UPA (León), A.P.P.C.-N.R.C (PORTUGAL), e coa colaboración do Ministerio de Educación e Ciencia.

5 - CONCLUSIONES

Ata o momento, non existe unha unificación de criterios respecto da formación profesional que cualifique nas novas profesións en igualdade de oportunidades incluídas no *Catálogo Nacional de las Ocupaciones*, e que favoreza a seu recoñecemento oficial polo *Instituto de las Cualificaciones* no *Catálogo de Títulos*.

O curso piloto que se prepara dende a Fundación Comarcal de Valeorras trata de poñer a proba unha determinada fórmula de formación profesional en dous niveis de cualificación integrados: promotores/as e axentes; no que o primeiro nivel é necesario para a realización do segundo e a obtención da cualificación de axente.

Grazas pola súa atención.